



Plataforma de crítica literaria
@aSega_critica

INICIO A SEGA AS SEGADORAS DÍA DAS GALEGAS NAS LETRAS PUBLICACIÓNS CONTACTO



Home / recensión / Cervatos, fuxir, avante por Emma Pedreira

Cervatos, fuxir, avante por Emma Pedreira

segadoras 1 year ago recensión



É tanto menos que singular falar deste novo poemario de Lucía Novas (Bueu, 1979), require dunha expresión semellante. Cervatos ten moito de moi variadas cousas, *“tan kitsch que é beleza intensa”*, tan poliédrico que hai que ilo construíndo, decapando, rebordando a curiosidade que nos fai erguer a lapela de cada palabra. A nosa experiencia como lectoras conta tanto como a nosa sensibilidade.

Funciona algo así como un collage de sinestesia, como unha paisaxe descritiva a base de numeracións como naquel laboratorio da vella Celestina, descrito, palabra tras palabra, sintagma após sintagma, moi polo miúdo. Todo aquí está feito para curtocircuitar os cinco sentidos e fixarse na produción global.

Conducindo rápido a través da xustaposición, nunha road movie transfronteiriza, Novas condúcenos mentres fuxe e busca; pasan animais e esceas como nunha reivindicación do pasado nun de transparencias e veladuras sobre o presente. A man no volante, o ollo no que ha de vir e a convivencia coas marxes, as figuras do pasado e o que acontece na beiravía. O brazo pola fiestra. O aire fai pregos na roupa lene. Arricha os poros e crea confusión.

“Ramaxes, cervatos, encaixe escuro”

O que se agocha é tan importante como o que se amosa. Ou o que pasa fugaz, porque conducimos. Todo existe durante un mínimo momento, un case nada e repítese noutra secuencia. Substantivos, connotacións dun epíteto escollido entre centos para prefixar a ollada da autora nun único obxecto do seu imaxinario. Aprópiase. *Peek-a-boo* e chouta a imaxe cara a quen le. O poema está feito a base de disparos. O clic molesta ás veces no cerebro se non entendemos o calibre do proxectil pero construímos as referencias máis próximas: Twin Peaks, Bambi, Dr. Who, Neverland. Unha Ruta 66 emocional que leva da memoria da casa raíz aos *drive-in* do expresionismo e da fuxida persoal.

Mentres, o amor inmaduro, romántico, anestésico, vai loitando contra o prexuízo.

Sábeme este libro a cheiros amalgamados. A cultura de monte e coche. *On the go*.

“Tí espido, chorando, no lavabo, entre os fentos, nos clemátides”

<http://www.asega-critica.net/2019/01/cervatos-fuxir-avante-por-emma-pedreira.html>

ARQUIVO DE ENTRADAS

xaneiro 2019 (9)

III DÍA DAS GALEGAS NAS LETRAS 2016

"A amante nunca ten dentes postizos", María Xosé Queizán

from Anxela Lema

00:42

II DÍA DAS GALEGAS NAS LETRAS

O MÁIS VISTO



III Día das Galegas nas Letras: 'Je suis...'



O MANIFESTO DAS ESPANTALLOS



Programa do III Día das Galegas nas Letras adicado a María Xosé Queizán



Na Gala do Libro Galego #votamulleres

Texturas e ganduxos entre os límites das imaxes secuenciais. Unha caixa de fotografías, unha por palabra, o zas zas zas das diapositivas proxectadas a toda présa. “The runaways. Na inmensidade”.

E a afectación cara ao amante, *toy boy, my little ponny*, deconstrúe o amor como un cervato que é imaxe daquilo que está por medrar e a piques do cambio substancial. A casa da avoa, atrás. O funesto amor, atrás. As fuxidas, o avance, os cervatos que serán cervos e, polo tanto unha fertilidade perigosa. E a simboloxía da condución como o non retorno do tempo, a evolución das idades e as perdas e todo o que muta. Todo a través de imaxes *David Lynch*, videoclip, *play-list* resoante tras da liña –que non verso- e que compón ese tapiz no que imos medrando coa autora nunha ladaíña de obxectos e memorias sensoriais a piques de cambiar outra vez ou de ser vítimas do esquecemento.

Non é o libro. É o pouso.

Lucía Novas, *Cervatos*, Faktoría K de libros, 2017

COMPARTAR:

Facebook Twitter Google+ Pinterest LinkedIn

Non queremos ser raíñas, por
Eli Ríos

Silêncio que cicatriza, por
Susana S. Arins

O absurdo explícanos cousas,
por Eli Ríos

PREVIOUS

Susana S. Arins recomenda...

NEXT

Moxie no Club de lectura feminista A Lila + A Seg
(2 de febreiro de 2019)

Ningún Comentario:

Introduce o teu comentario...

Comentar como:

Conta de Goog

Publicar

Vista previa

IV Día das Galegas nas Letras:
Unha carta de amor aos
puntos suspensivos



Na Gala do Libro Galego
#votamulleres

ETIQUETAS

Recension #Recomendamulleres

As Galegas Nas Letras Recensión

Celebramos Recoñecemento

VI Día Das Galegas Nas Letras

V Día Das Galegas Nas Letras

Xela Arias Questionário Fou(Cinha)

O Cuarto De

IV Día Das Galegas Nas Letras

DLG2019 Comunicado

Clube De Lectura FalOcias

Crítica De Cinema

Colaboración Externa

Segadoras X Segadoras

Teoría Da Crítica

A Palla Que Fai Palleiro Artigo

Crónica #Votamulleres

Gala Do Libro Galego

II Días Das Galegas Nas Letras

Actividades Begoña Caamaño

Encontro Sobre Crítica Manifesto

RdC VII Día Das Galegas Nas Letras

Libros Opinión



A Seg encóntrase baixo unha [Licenza Creative Commons Atribución 3.0 Unported](#).

FACEBOOK

ETIQUETAS

TWITTER

Recension #Recomendamulleres

As Galegas Nas Letras Recensión

Celebramos Recoñecemento

VI Día Das Galegas Nas Letras

V Día Das Galegas Nas Letras Xela Arias

Questionário Fou(Cinha) O Cuarto De

IV Día Das Galegas Nas Letras DLG2019

Comunicado Clube De Lectura

FalOcias Crítica De Cinema

Colaboración Externa